

# Galicia e os descubridores oceánicos a través de Amancio Landín

## *Galicia and Oceanic Discoverers Through the Eyes of Amancio Landín*

**Carme BLANCO RAMOS**

ramablanca@yahoo.es

[Recibido, novembro 2007; aceptado, febreiro 2008]

### **RESUMO**

Este artigo pretende achegar ós lectores a figura de Amancio Landín. Un home apaixonado polos descubrimentos oceánicos, con especial interese na reivindicación de navegantes galegos.

**PALABRAS CHAVE:** Descubridores galegos, reivindicación galeguidade.

BLANCO RAMOS, C. (2008): "Galicia e os descubridores oceánicos a través de Amancio Landín". *Madrygal (Madr.)*, 11: 19-24.

### **RESUMEN**

Este artículo pretende acercar a los lectores la figura de Amancio Landín. Un Hombre apasionado por los descubrimientos oceánicos, con especial interés en la reivindicación de navegantes gallegos.

**PALABRAS CLAVE:** Descubridores gallegos, reivindicación galeguidade.

BLANCO RAMOS, C. (2008): "Galicia y los descubridores oceánicos a través de Amancio Landín". *Madrygal (Madr.)*, 11: 19-24.

### **ABSTRACT**

This article tries to make Amancio Landín known to the readers. He was a man with a passion for oceanic discoveries, and with an especial interest in the vindication of Galician sailors.

**KEY WORDS:** Discoverers galician, vindication galeguidade.

BLANCO RAMOS, C. (2008): "Galicia and Oceanic Discoverers Through the Eyes of Amancio Landín". *Madrygal (Madr.)*, 11: 19-24.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Biografía. 3. Landín. 4. Referencias bibliográficas

## 1. INTRODUCCIÓN

A única pretensión deste artigo é a de achegar aos lectores a figura de Amancio Landín. Un home apaixonado polos descubrimentos oceánicos, con especial interese na reivindicación de navegantes galegos. Cabería preguntarse non só a causa do esquecemento de figuras que foron relevantes nos novos camiños do mar, senón tamén o por qué da ignorancia da súa identidade galega. Aínda hoxe, se buscamos nunha enciclopedia española os nomes dos nosos navegantes atoparemos “navegante español”.

Segundo confesou Landín<sup>1</sup>, a razón do seu primeiro libro *Vida y viajes de Pedro Sarmiento de Gamboa* (1945), “fue la exaltación de Galicia, porque era un gallego practicamente olvidado, no lo había trabajado nadie en España, algún pontevedrés le había dedicado algunas líneas en algún artículo<sup>2</sup>”. Neste sentido tivo un gran mestre en Filgueira Valverde dos 10 ós 14 anos.

Filgueira era un profesor extraordinario. Nos hizo entrar mucho en la vida local, más que local, gallega. Nos metió a Galicia en el alma. El persiguió o inspiró una serie de excursiones a muchos sitios interesantes, nos llevó por ejemplo a Lisboa, Oporto. Allí, en Oporto, había una exposición colonial. Fue un maestro siempre. (Entrevista 2006)

Velaí a gran consideración que, anos máis tarde, ten o admirado mestre do seu discípulo no libro *El Almirante Pontevedrés Sarmiento de Gamboa*<sup>3</sup> “El lector puede adentrarse de lleno en el conocimiento de su personalidad, a través de la obra de un eruditísimo pontevedrés que sabe unir el rigor comprobado de los datos con su amena exposición: Amancio Landín Carrasco.”

E don Amancio, como nos gusta chamarlle, seguirá sempre coa historia, cos descubrimentos.

Mi pasión fue la historia de los descubrimientos oceánicos, mi pasión un poco secundaria, pero, al fin y al cabo, la más importante, porque escribí bastantes libros sobre ello (...) yo me relacionaba mucho con gente del continente americano, en una ocasión, el director del Museo de Magallanes de

Punta Arenas que está en el extremo Sur, me escribió una carta (sabían que Pedro Sarmiento de Gamboa había hecho dos fundaciones en el Estrecho de Magallanes) y me decía: “tengo que pedirle un favor, hemos encontrado una vasija entre unos yacimientos.. aquí hay restos humanos, quisiéramos clasificarlos y clasificar esta vasija... no tengo otro remedio que mandarle a usted unas fotografías”. Entonces, yo llamé a Antonio Blanco Freixeiro, un hombre excelente que de las manos de Filgueira pasó a las de Sánchez Cantón. Me fui a la Academia, yo conocía bien la Academia, porque ya era miembro Correspondiente, Antonio me recibió con los brazos abiertos. Nada más ver las fotografías me dijo: “son del siglo XVI y de los alfares de Sevilla”. Pero, esto es formidable contesté yo, porque Pedro Sarmiento de Gamboa salió de esta zona y se llevó las vasijas... pero ¿cómo las conoces? pregunté. Yo estuve en la Universidad de Sevilla, me respondió, todas estas cosas me las consultaban a mí. Cuando en Sevilla, sobre todo, en la Sevilla antigua, tiraban un edificio para edificar otro, en la base de los cimientos se encontraban vasijas de estas rotas, porque actuaban como impermeabilización para los cimientos (Entrevista 2006).

Para Amancio Landín, historiador de vocación e non de profesión<sup>4</sup>.

Parece recomendable que o gusto pola historia non quede nunha mera evocación narcisista. O noso interese polo pasado, se non é acicate para afrontar un mellor futuro, concluirá nunha exhibición de vitrina, seca e infecunda. Se queremos evitar o reino das momias temos que proxectarnos cara á un tempo que aínda non chegou. A grandeza da nosa xente mariñeira non debe gardarse como algo finiquitado nun baúl con naftalina. As glorias e as fazañas dos avós nada son, se nada moven, temos que veneralas como rescoldo e non como cinza.

## 2. BIOGRAFÍA DE AMANCIO LANDÍN

Amancio Landín Carrasco naceu en Pontevedra no ano 1918. A súa familia participou na intensa actividade que tivo lugar na cidade a primeiros do século pasado. O seu avó, Andrés

<sup>1</sup> Agradecemos a Amancio Landín Carrasco e a súa dona, a afable acollida no seu prático fogar da cidade do Lérez, nas sucesivas visitas, que xunto con Ana Acuña, realizamos nos meses de febreiro e marzo do ano 2006. Da mesma maneira queremos deixar constancia do seu esforzo por nos acompañar na presentación do libro *Pontevedra Literaria*, o 27 de abril de 2007.

<sup>2</sup> Palabras procedentes da entrevista realizada no seu fogar de Pontevedra. Como xa indicamos, a gravación data de febreiro e marzo de 2006. No sucesivo citarase como “Entrevista 2006”.

<sup>3</sup> Filgueira Valverde, J.(1980): *El Almirante Pontevedrés Sarmiento de Gamboa*. Hogar Provincial. Pontevedra. p. 5-6.

<sup>4</sup> *Nodales*, 1987, p.16.

Landín, impresor e periodista, foi propietario e director de *El Diario de Pontevedra* entre 1887 e 1910. Sucedeuno neste labor o seu fillo Prudencio Landín Tobío, pai do noso protagonista.

A vida de Amancio Landín sucou por tres camiños: o dereito, a historia e a creación literaria. Doutor en Leis, foi coronel auditor da Armada, vogal do Patronato do Museo Naval, membro correspondente da Real Academia de Historia e da Real Academia Galega. É membro de Honor da Asociación Española de estudos do Pacífico, pero tamén tivo tempo para dirixir o periódico pontevedrés *Litoral* (1955) e a Revista General de Marina (1972)..

O seu grande interese pola historia marítima, de maneira especial polos navegantes galegos, queda á vista en obras como, a xa citada, *Vida y viajes de Pedro Sarmiento de Gamboa* (1945), *Mourelle de la Rúa, explorador del Pacífico* (1971), *Islario español del Pacífico* (1971), *Miscelánea Marinera* (1984), *Galicia e os descubrimentos oceánicos* (1991), os tres tomos de *Descubridores españoles en el mar del Sur e Padrón de descubridores* (1992). Ademais dunha morea de artigos, decote incidindo na lembranza das epopeas e na orixe galega dos nosos navegantes.

### 3. LANDÍN

A ligazón da galegitude ao territorio, á terra, constitúe un dos nosos máis característicos sinais identitarios, como afirma López Mira (2006). Amancio Landín, aínda que pasou boa parte da súa vida fóra de Galicia, viviu vencellado á súa terra. A distancia xerou nel non só lembranzas senón reivindicación e exaltación da patria mariñeira.

Confeso con certo rubor que no Arquivo de Indias cando encontrei o documento de declaración que Pedro Sarmiento de Gamboa presenta ante o Santo Oficio de Lima e lin: “*Soy natural del Reyno de Galicia, de Pontevedra, hijo de Bartolomé y de María*”, emocionéime. (Entrevista 2006)

Sempre coa nostalxia da terra<sup>5</sup>:

Hace ya muchos años que dedico mi atención a los descubrimientos españoles en el inmenso cuen-

co del Pacífico. Y sin salirme hoy de ese ámbito concreto, quisiera orear la participación de Galicia en aquella empresa (...) Otra gran empresa del mar del Sur, la que en 1567 condujo el hallazgo del archipiélago melanesio de Salomón mereció que el historiador Marcos Jiménez de la Espada le llamase “el descubrimiento de los cuatro gallegos”; porque de nuestra tierra eran el gobernador de Perú que autorizó el viaje (Lope García de Castro), su sobrino y general de las naves (Álvaro de Mendaña y Neira), el cosmógrafo y excepcional navegante, pontevedrés por más señas (Pedro Sarmiento de Gamboa), y el piloto mayor (Hernando Gallego).

En relación á hipótese do profesor Robert Langdon no libro sobre a carabela San Lesmes, desaparecida no Pacífico e que nunca se volveu a saber dela, Langdon sostíña unha tese que, segundo Landín, ben se podería resumir así<sup>6</sup>:

La San Lesmes, tripulada en gran parte por marineros vascos y gallegos, naufragó en la isla de Amanu, del archipiélago polinesio de Tuamotu, como lo prueban los cañones hallados en el arrecife. Los naufragos y sus descendientes, uniéndose a las nativas, se extendieron hacia otras islas del mismo grupo y de los próximos de Sociedad, Cook y Australes. Entre los isleños de esa zona oceánica hay en la actualidad vestigios que apoyan las conclusiones de Langdon, sean costumbres, vestimenta o, sobre todo, los rasgos, la talla y el color de la piel, el cabello y los ojos de ciertos grupos allí afincados.

E conclúe:

Si algún día se confirmase la hipótesis del historiador australiano, bien pudiera surgir en la región de nuestros antípodas una sorprendente Xunta das Comunidades Galegas do Sul.

Hai en Landín unha madurez de espírito que segundo Eliot supón “historia e conciencia de historia”. Esta actitude abunda no historiador, como mostran as súas verbas co gallo de V centenario do descubrimento de América<sup>7</sup>.

Se de algún xeito queremos contribuír á conmemoración do V Centenario do achado do Novo mundo, e facelo ademais desde a nosa condición substancial de galegos, non parece inoportuno traer á memoria o nome dos que, nados en

<sup>5</sup> Nodales, 1987, p. 16.

<sup>6</sup> Nodales, 1987, p. 17.

<sup>7</sup> Landín Carrasco, A. (1991): *Galicia e os descubrimentos oceánicos*. Xunta de Galicia, A Coruña. p. 8.

Galicia, secundaron a europea columbina e se entregaron á durísima tarefa de abrir novos camiños oceánicos. Certo que eses homes contribuíron xenerosamente á común tarefa de España, pero non o é menos que a súa orixe rexional matizaba de forma singular aquela aportación.

Para Landín, a serodia participación galega nos descubrimentos débese a que ata o ano 1525 non se abre unha nova casa de contratación na cidade de A Coruña. É a partir desta data cando se incrementa visiblemente a participación de galegos comprometidos na fazaña descubridora.

No libro *Galicia e os descubrimentos oceánicos* (1991) preséntanos unha restra de navegantes. Neste traballo queremos recordar oito descubridores que clasificamos en: descubridores pouco coñecidos e descubridores máis coñecidos.

### 3.1. SON DESCUBRIDORES POUCO COÑECIDOS

Juan da Nova (1501), Sebastián de Ocampo (1508), Gonzalo de Vigo (1522), Miguel Noble (1537) e José Quiroga Méndez (1745).

#### JUAN DA NOVA

As noticias en relación ao lugar de orixe son imprecisas. Descendente dunha familia fidalga, fano natural de Pontevedra. Estableceuse en Lisboa desde onde comezaría a súa andaina polos mares. Destaca pola súa condición de mando e os coñecementos náuticos, polo feito de capitanear unha flota de catro naves coa que se faría ao mar dende Belem o 4 de marzo de 1501. Descubridor da illa que el chamou da *Concepción* e que máis tarde o segundo vicerrei da India lusitana, rebautizaría co seu nome actual: Ascensión.

Despois de vencer, na costa india de Malabar, a unha agrupación de 40 naves que se opoñían ós seus designios, logrou desembarcar en Cananore (provincia de Madrás) e alí fundou unha factoría lusitana. En abril de 1502 viu por vez primeira a tamén africana illa de Santa Helena. Xa en chan lisboeta foi recibido e agasallado polo rei Manuel. Sabemos que, ao menos, fixo outra viaxe ao continente asiático en 1505. A isto se debe que nas Táboas Xeográficas de Hondío e Mercator, aparece rotulada a illa de Juan da Nova, no canal de Mozambique, único monumento xeográfico que lembra o navegante e descubridor galego.

#### SEBASTIÁN DE OCAMPO

A este galego a raíña Isabel conmutáralle a pena de morte por un desterro perpetuo á illa a Española. Razón desa sentenza? “Certa cuestión que vós hobistes con Juan Velasques, vecino de la ciudad de Jerez”.

En contra do que afirman algúns estudosos, Landín cuestiona a participación de Ocampo na segunda viaxe de Colón ao Novo Mundo. En cambio, parece máis que probable que zarpase de Sanlúcar de Barrameda ás ordes de Nicolás de Ovando, un 13 de febreiro de 1502, camiño das Antillas.

Sabemos que a illa de Cuba non foi de grande interese para os primeiros colonos, de feito a principio do século XVI aínda non estaba determinada a súa insularidade. Foi Fernando o Católico quen, en 1504, ordenara a Nicolás de Ovando que se explorase aquela latitude. A vontade real non se cumpriu ata o 1508. Daquela Ocampo ostentaba o cargo de capitán e a súa reputación pesaba uns quilates máis, cando Nicolás de Ovando decidiu encomendarlle o recoñecemento completo da illa de Cuba. O fidalgo galego explorou todo o territorio cubano demostrando definitivamente a súa insularidade. Oito meses tardou naquel periplo facendo escala nos portos de Carenas (A Habana) e Jagua (Cienfuegos). A importancia desta campaña vén dada pola demostración da insularidade de Cuba, que Colón creu sempre terra do continente asiático.

#### GONZALO DE VIGO

Desertor da nave *Trinidad*, salienta o noso historiador como algún navegante chega a personalizar a súa identidade co lugar de orixe. Das cinco naves con que partiu Hernando de Magallanes do porto de Sanlúcar, en setembro de 1519, só dúas acadarían o arquipélago das Molucas: A *Victoria* e a *Trinidad*. De regreso a España a segunda nave ao mando de Gonzalo Gómez de Espinosa, sufriu unha grande avaría, motivo polo que decidiron separarse. A *Trinidad* puxo rumbo a Levante a través do Pacífico, mentres que a *Victoria* afrontou a viaxe de volta por latitudes austrais do océano Índico. A bordo da *Trinidad* ía Gonzalo Álvarez que, despois de sufrir tempestades de tal calibre que os obrigou a corta-lo castelo de proa, era testemuña de como a morte ía caendo sobre a tripulación a causa das enfermidades e a fame. Aínda

así, conseguiron chegar ás illas Marianas e, na primeira oportunidade (na illa de Maug) desertou, xunto cun xenovés e un portugués. Malia que o capitán lles prometeu tratalos con indulxencia, os fuxidos optaron pola seguridade en terra firme á sorte que lles esperaba naquela nave escachada.

Pasou o tempo e un 4 de setembro de 1526, Alonso de Salazar recala na illa de Guam. Dende terra achéganselle varias canoas indíxenas, un dos remeiros saúda con entusiasmo. Cando aquel remeiro subiu a bordo da nave, ante o asombro de todos, presentouse dicindo: “son Gonzalo de Vigo”. Amosou o desertor galego coñecer todo o conxunto insular e informounos das trece illas principais, dispostas en dirección norte-sur. Pero Gonzalo de Vigo serviu tamén como intérprete da lingua malaia.

Amancio Landín gaba este navegante vigués, fillo de Rodrigo Álvarez e de Isabel Martínez que<sup>8</sup> “sen dúbida foi o primeiro europeo que descubriu e percorreu tódalas illas do daquela chamado arquipélago dos Ladróns”.

#### MIGUEL NOBLE

Protagonista dunha odisea homérica, na que o contramestre galego protagoniza un motín ante a irracionalidade do capitán Grijalba que, a pesar das circunstancias máis adversas que podía vivir unha embarcación con risco para os seus homes, negouse a cambiar de rumbo. Miguel Noble apostou pola supervivencia e resolveu mata-lo capitán. Respecto ó trágico final do navío Amancio Landín escribe<sup>9</sup>:

Miguel Noble tivo pouca fortuna de dar con un capitán duro, intransixente e quizais arbitrario. Pero non tratamos de xustificar agora un sanguento alzamento que puido determina-lo trágico final da Santiago e dos seus homes. Ora ben, se a conduta de Noble é un borrón na historia dos nosos homes de mar, a honrada e nutridísima escala de contramestres galegos desde a época áurea dos grandes descubrimentos ata hoxe mesmo constitúe un desbordante exemplo de abnegación, valentía e fidelidade.

Na historia dos nautas galegos non faltou un cura que se repartise entre a arte de predicar e a

arte de marear. Con tal definición, refírese a JOSÉ QUIROGA MÉNDEZ

Outro navegante destacado pola exploración á Patagonia coa intención de establecer Misións en zonas poboadas de “indios”. Quiroga Méndez era natural da parroquia de Adina (terra do Salnés). Despois de facer longas campañas marítimas ós 29 anos sentiu a chamada relixiosa. Landín valora esta expedición, porque foi a máis detallada e profunda das realizadas ata entón e supuxo un notable progreso no coñecemento xeográfico da Ribeira Oriental sudamericana.

#### 3.2. ENTRE OS DESCUBRIDORES RECOÑECIDOS SALIENTAMOS A

##### ÁLVARO DE MENDAÑA Y NEYRA

Descubridor das illas Salomón en 1567 e das illas Marquesas e Santa Cruz, en 1595-1596. Tódolos historiadores coinciden en que Álvaro de Mendaña y Neira era natural de Galicia. O seu apelido escrito Mendanha, é corrente en Portugal e non tanto en terras galegas, aínda que si coñecemos nomes próximos como Avendaña, Avendaño e Bendaña, correspondente este a dun antigo señorío vencellado ós Ulloa composteláns.

##### PEDRO SARMIENTO DE GAMBOA

Merece especial atención a viaxe iniciada en 1579 e que suporía o máis detallado e valioso recoñecemento do estreito de Magalláns, realizado ata entón. Así ve o historiador Landín Carrasco a un dos seus descubridores máis prezaados<sup>10</sup> “Este ilustrado home de acción, austero, cartógrafo, historiador, cosmógrafo e bo escritor, calificado como o noso nauta máis senlleiro do século XVI”.

Sarmiento é fillo do pontevedrés Bartolomé Sarmiento e da biscaíña María de Gamboa, naceu en Pontevedra contra 1532, aínda que non falta documentación que o faga nado de xeito casual en Alcalá de Henares. En 1557 aparece en Perú, onde supón Landín que navegou pola costa e viaxou ó interior onde quizais xa recollería

<sup>8</sup> Landín Carrasco, A (1991): *Galicia e os descubrimentos oceánicos*, Xunta de Galicia, A Coruña, p. 40.

<sup>9</sup> Ob. cit. p. 54

<sup>10</sup> Landín Carrasco, A. (1991): *Galicia e os descubrimentos oceánicos*. Xunta de Galicia, A Coruña, p. 80.

parte dos coñecementos que vertería na súa *Historia de los Incas*.

#### MOURELLE DE LA RÚA

Nado na vila mariñeira de Corme<sup>11</sup>. Landín describo como un formidable loitador galego nas campañas náuticas levadas a cabo por España dende o porto mexicano de San Blas cara ás latitudes de Alaska. Foi dos contadísimos mariños que no século XVIII, e por méritos excepcionais, pasou desde o modesto emprego de pilotín ata o almirantado, sen entrar na Real Compañía da Garda Mariña.

Como acabamos de ver non é difícil decatarse da entrega que Amancio Landín Carrasco dedicou ó longo da súa vida ós descubrimentos oceánicos. Debemos recoñecerlle o protagonismo que dá os

descubridores menores, nalgúns casos, anónimos ignorados pola historia. Tamén cómpre salientar a reivindicación da galegitude moi presente na súa obra<sup>12</sup>.

A historia está demasiado próxima para que se borrasen da nosa memoria os feitos doutros homes que, xa no século XX, honraron Galicia a través das súas actividades marítimas. Se queda lonxe o tempo dos descubrimentos oceánicos, non faltan galegos na pesca ou na mariña mercante que deixaron no noso tempo unha pegada permanente. E non só pensamos nos que acadaron os máis altos chanzos, senón naqueles de quen di o cantar:

– A vida dos mariñeiros  
non ten moito que envexar,  
tres días botan en terra  
e vinteoito no mar.

#### 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CEBRIÁN, J.A. (2006): *La aventura de los conquistadores*. Madrid: La Esfera de los Libros.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. (1980): *El Almirante Pontevedrés Sarmiento de Gamboa*. Pontevedra: Hogar Provincial.
- LANDÍN Carrasco, A. (1945): *Vida y viajes de Pedro Sarmiento de Gamboa*. Madrid: Instituto Histórico de Marina.
- (1970): *España y Galicia en el Estrecho de Magallanes*. Pontevedra: Imp. Hogar Provincial.
- (1970): “Mourelle de la Rúa y sus viajes por el Pacífico”, *Revista General de la Marina*.
- (1971): *Mourelle de la Rúa: explorador del Pacífico*. Madrid: Cultura Hispánica.
- (1984): *Islario español del Pacífico*. Madrid: Cultura Hispánica.
- (1987): “La carabela perdida”, *Nodales*, 1987.
- (1991): *Galicia e os descubrimentos oceánicos*. A Coruña. Xunta de Galicia.
- LÓPEZ MIRA, A. X. (2006): *O Terceiro Estatuto Galego*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

---

<sup>11</sup> Un ano antes de publicar *Mourelle de la Rúa: explorador del Pacífico* (1971), Landín escribía un artigo na *Revista General de Marina*, outubro, 1970. T. 179: “muy pocos españoles se les habrá ocurrido evocar, el nombre del compatriota que descubrió el archipiélago de Vavao, parte fundamental del grupo polinesio de Tonga (...) Francisco Antonio Mourelle de la Rúa, ese navegante del siglo XVIII (...) Hombre casi desconocido entre nosotros, merecedor de un extenso estudio que, con la ayuda de Dios, no tardará en ver la luz”.

<sup>12</sup> Landín Carrasco, A. (1991): *Galicia e os descubrimentos oceánicos*. Xunta de Galicia, A Coruña. p. 16.